

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1210VG		18-05-18 13:38

Número 12.- Proposta da alcaldía para autorizar a asistencia de representantes dos grupos políticos municipais ás sesións das mesas de contratación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 18 de maio de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 12 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA AUTORIZAR A ASISTENCIA DE REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS ÁS SESIÓN DAS MESAS DE CONTRATACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 15 de maio de 2017, asinada tamén polo director da Asesoría Xurídica, e cuxo teor literal é o seguinte:

"O artigo 326 da nova Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro) dispón con carácter xeral que "En ningún caso poderán formar parte das mesas de contratación nin emitir informes de avaliación das ofertas os cargos públicos representativos nin o persoal eventual."

Pola súa parte, a Disposición adicional segunda, apartado 7, da mesma Lei posibilita que formen parte como vogais das mesas de contratación das corporacións locais os concelleiros pero coa limitación de non superar a terceira parte dos membros da mesa. Esta circunstancia, pola pluralidade política da Corporación, impide de facto a incorporación de concelleiros dos diversos grupos políticos ás mesas de contratación porque significaría que estas terían que contar alomenos con 12 membros.

Sen embargo, por razóns de transparencia da actividade municipal e para garantirlles a todos os grupos políticos municipais o acceso inmediato e en condicións de igualdade á información sobre o

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I0VG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 18-05-18 13:38

desenvolvemento dos procesos de contratación, propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“As sesións das mesas de contratación da Corporación poderán asistir como observadores un representante por cada un dos grupos políticos municipais.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Que ás sesións das mesas de contratación da Corporación poderán asistir como observadores un representante por cada un dos grupos políticos municipais; de conformidade coa proposta transcrita.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA  
CIDADE DE SANTIAGO

ASDO/MARÍA ROZAS PÉREZ

